



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 7 DE AGOSTO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG
D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS
DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de agosto dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- DESLINDE DO CAMPO DA FESTA DE GUIMAREI (A CRUZ); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2014.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTADIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO 31-07-2014.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE XUÑO DE 2014.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2014

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

NESTE MOMENTO ABANDONA Á SESIÓN O CONCELEIRO D. JOSÉ A. DONO LÓPEZ.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- DESLINDE DO CAMPO DA FESTA DE GUIMAREI (A CRUZ); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 30-07-2014.

Sr. Alcalde: Boas tardes e benvidos á sesión plenaria deste mes de agosto, o Orde do día é o seguinte, non contamos coa acta da sesión anterior por problema de persoal alleas á propia Secretaría, así que traeremos as actas á próxima sesión plenaria. Polo tanto empezamos coa parte resolutoria, punto primeiro, que é o deslinde do campo da festa de Guimarei (A Cruz), segundo ditame da Comisión Informativa do Rural e Medio Ambiente.

Ten a palabra o Concelleiro do Rural Juan Constenla.

□. **Juan Constenla Carbón:** Boas tardes a todos. Segundo a Comisión Informativa celebrada a semana pasada, pola que se pretende facer un deslinde da parte pública... das parcelas que integran o campo da festa de Guimarei, para facer as propiedades que corresponden a cada propietario.

Sr. Alcalde: Moi ben, algunha cuestión en relación con este punto?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

D.Xosé Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: O outro día, por cuestións de forza maior, non puideron asistir á Comisión, alí iba a comentar o que vou a comentar aquí; alí se aplicou un pouquiño de falta de tacto, porque, ao final, un conflito entre dous veciños vai a orixinar un coste enorme... enorme, cando ao mellor outro tipo de problemas... ao Concello da Estrada, que ao mellor actuar un pouquiño como mediadores entre as partes para evitar chegar a este conflito, porque realmente o que é o cierre que afecta... e que é, bueno, unha cosa minúscula, entón actuar un pouquiño con man esquerda cos veciños para evitar chegar a este conflito que ao final está metido no medio o Concello, e vai a implicarlle un gasto importante, pero bueno... o deslinde vai a ter un coste importante cando realmente é unha cantidade de metros cadrados ridícula, lóxicamente para os afectados é importante, pero bueno... reiterar que hai que ter a veces... actuar de mediadores.

Sr. Alcalde: Moi ben, algunha outra cuestión?. Pois procedemos a votar, polo tanto, este punto de deslinde do campo da festa de Guimarei (A Cruz). Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, coas abstencións do PsdeG-PSOE (7) e BNG (1) o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Sr. Alcalde-Presidente do 02-06-2014, relativa ao exercicio de acción de deslinde administrativo de ben municipal: Campo da Festa de Guimarei (A Cruz).

Visto o expediente instruído polo Departamento do Rural, relativo á necesidade de artellar unha eventual acción de deslinde administrativo previa a outra posterior acción de recuperación posesoria de oficio de ben demanial municipal (Campo da Festa de Guimarei, A Cruz), no que figura, entre outros documentos, o informe-memoria emitido en data 24-04-2014 polo Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) que xustifica a súa necesidade, dado que puidera estar indebidamente invadido por determinado peche, e, do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto tamén o informe técnico emitido o día 14-11-2013 pola Arquitecta Municipal (Sra. Neira Mato), explicado verbalmente polo Enxeñeiro T. Agrícola municipal.

Visto o informe xurídico emitido en data 02-06-2014 polo do T.A.X. – Xefe do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe de fiscalización previa (de conformidade) emitido en data 08-07-2014 por parte do Sr. Interventor accidental.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avala o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben municipal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2.003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección *stricto sensu* da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio,

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considera necesaria a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimétralmente os contornos dos inmobles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimétralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Visto, por último, o Ditame da Comisión Informativa do Rural, adoptado en sesión do 30-07-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A aprobación, de oficio, do exercicio contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do ben demanial municipal (Campo da Festa de Guimarei, A Cruz); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

Segundo.- Consequentemente, iniciar o procedemento de deslinde co inmediato sometemento do expediente á Comisión Municipal Informativa competente *ratione materiae*, para exame, valoración, e proposta aprobatoria ao Concello Pleno do Informe-Memoria e inicio das operacións.

Terceiro.- Publicar o anuncio do deslinde no B.O.P., web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 27-11-2014, a partires das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal. No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40, a contares dende a publicación do anuncio no B.O.P., os colindantes e demais interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

Cuarto.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes e interesados afectados, para coñecemento e efectos:

- D. Manuel Mosteiro Dono (Rúa Marín, nº 7, A Estrada).
- Dna. Josefina Verde Randulfe (A Cruz, 21 – Guimarei, A Estrada).
- Dna. Ana Puente Barreiro, en representación da AAVV Sta. Apolonia (A Portela, nº 7 - Guimarei, A Estrada).

Quinto.- Asumir con cargo ao Orzamento municipal, os gastos do deslinde administrativo que xustifica o amentado informe pericial municipal (650,00 euros).

Sexto.- Comunicar o acordo plenario de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada, para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos”.

2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO 31-07-2014.

Sr. Alcalde: O punto número 2 é o expediente da Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, segundo ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica do 31 de xullo de 2014. Ten a palabra o Concelleiro de Industria D. Óscar Durán.

Sr. Óscar Durán: Hola, boas tardes. Bueno, debateuna as Comisións de Promoción Económica e adoptamos esta Ordenanza coa determinada casuística que se nos foi dando, e pensamos que era necesaria.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha cuestión en relación con este punto?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Belén Louzao, Concelleira do PsdeG-PSOE: Ben, neste punto vamos a indicar que, dende logo, esta proposta de Ordenanza naceu

torcida, posto que xa no seu momento foi complicado traela a este Pleno por distintas modificacións previas. Facer agora outra modificación cando fai escasamente un mes ou mes e medio entrou en vigor despois das súas publicacións, nos parece, dende logo, moi atrapallada a súa tramitación. Pero dicir simplemente, na fecha actual, que tal como figura na proposta (por eso solicitábase que se nos deixara ver o expediente) do Concelleiro de Promoción Económica, a última que figura no expediente, o que se pon aquí é a aprobación da nova Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado deixando sen efecto a Ordenanza actualmente en vigor. Nós non sabemos, polo tanto, se deixamos sen efecto a Ordenanza actualmente en vigor, se estamos aprobando unha modificación... é dicir, as fechas non nos coinciden, por eso pedíamos o expediente orixinal por si nós tiñamos mal, por eso pedimos que se nos aclare este punto. Gracias.

Sr. Alcalde: Algunha outra cuestión?. Pois, en principio, o que estamos aprobando en este caso é o Ditame da Comisión Informativa que é a aprobación da modificación do expediente. Ten a palabra a Sra. Secretaria.

Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria en funcións: Eu non son a Secretaria desa Comisión, pero fixen un informe no seu momento, o que se entendía era que se trataba dunha modificación bastante ampla. Posteriormente, como se fixo unha segunda Comisión, eu non sei o que vostedes acordaron, o que se acordou na segunda Comisión, pero parecer que é unha modificación, aunque sea unha modificación extensa, é unha modificación da Ordenanza existente. A tramitación é exactamente a mesma, entón eu creo que se trata dun problema de expresión, pero ao final o que estamos facendo é facer unha modificación profunda dunha Ordenanza xa existente.

Sr. Alcalde: Moi ben, gracias pola aclaración, polo tanto o que sometemos a votación hoxe é o expediente de modificación, como reza na parte resolutiva desta convocatoria, expediente de modificación da Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado. Procedemos a votar: votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbese por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, coas abstencións do PsdeG-PSOE (7) e BNG (1) o seguinte **ACORDO:**

Vista a Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, aprobada por Acordo plenario de data 31-05-2013, e respectivos anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en datas 18 de xuño e 23 de agosto de 2013.

Visto que trala entrada en vigor da nomeada Ordenanza observáronse deficiencias na redacción da mesma que afecta a practicamente todo o seu texto, así como diversas demandas polos veciños afectados.

Visto que, con motivo da emenda das ditas deficiencias, solicitouse informe á Xefatura municipal da Policía Local, o cal foi emitido con data 15-05-2014 (R.E nº 5675), no que se propoñen diversas modificacións á Ordenanza.

Visto que, ante o anterior, a Comisión Informativa de Promoción Económica reúne para celebrar sesións os días 29 de abril e 28 de maio de 2014, ao efecto de debate e propostas de modificacións a devandita Ordenanza.

Visto que, con motivo do debatido nas Comisións Informativas de Promoción Económica e, ao abeiro do Informe da Xefatura da Policía Local, procédese á corrección da Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado, asinada con data 13-06-2014.

Visto o informe da Secretaria Xeral en función, asinado con data 18-06-2014.
Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de 19-06-2014.
Visto, por último, o Ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica, adoptado en sesión do 31-07-2014

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar á modificación da ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO, quedando redactada do seguinte xeito:

“ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO

ARTIGO 1.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da Ordenanza estenderase a aquelas vías ou tramos das mesmas que se relacionan de seguido, denominado Zona Azul, durante o seu horario de funcionamento:

- Rúa Justo Martínez
- Rúa Castelao (delimitado no plano adxunto)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros

Dentro desta zona crearanse prazas de aparcamento exclusivas para residentes, denominada Zona Verde.

O ámbito de aplicación da zona de residentes, denominado Zona Verde, fíxase nas:

- Rúa San Antón (delimitado no plano adxunto)
- Tramo Rúa Iryda (delimitado no plano adxunto)
- Rúa Manuel García Barros (delimitado no plano adxunto)

Os residentes deberán acreditar a súa condición mediante un adhesivo que será expedido polo Concello, previa acreditación de residencia.

Nos espazos reservados a residentes poderán aparcar unicamente as persoas que acrediten a súa residencia en:

- Rúa San Antón
- Rúa Calvo Sotelo
- Rúa Iryda
- Rúa Castelao
- Rúa Justo Martínez
- Rúa Manuel García Barros.
- Rúa Waldo Álvarez Insua
- Praza de Martínez Anido (Praza do Mercado)
- Rúa Irmáns Valladares
- Rúa Peregrina

O propietario ou condutor de todo vehículo estacionado nas zonas para residentes colocará o adhesivo acreditativo nun lugar visible dentro do vehículo.

Delimitaranse as prazas de estacionamento correspondentes na zona azul e na zona verde.

ARTIGO 2.- Conceptos previos.

1.- A Zona Azul comprende a superficie do termo municipal sinalada no epígrafe anterior e o seu réxime de estacionamento queda sometido ás normas desta Ordenanza.

2.- Dentro da Zona Azul e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que todos os espazos están suxeitos ao réxime de estacionamento limitado, salvo que estea reservado ou prohibido expresamente; neste caso estarán sometidos ao réxime xeral de prohibición.

Dentro da Zona Verde permitirase o aparcamento para os residentes autorizados de 9.00 a 20.30 horas (os sábados ata as 14.00 horas) sen limitación de tempo máximo de aparcamento, agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

ARTIGO 3.- Competencias.

Corresponde ao Pleno a fixación e modificación do perímetro da Zona Azul e da zona de residentes.

Así mesmo, a utilización de ditas zonas de estacionamento, poderá ser suspendida temporalmente, mediante Resolución da Alcaldía, para a realización de limpeza de rúas, competicións deportivas ou outros motivos que así o aconsellen e previo informe da Xefatura da Policía Local.

ARTIGO 4.- Funcionamento da Zona Azul.

Artigo 4.1.- Sinalización vertical e horizontal.

1.- Sinalización vertical da zona Azul.

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona Azul.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo da presente Ordenanza, onde se fará constar, entre outros, que o tempo máximo de aparcamento será de 1 hora 30 minutos.

En canto a sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas discontinuas de cor azul.

Artigo 4.2.- Disco de Control.

Dentro da zona azul o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar o disco de control ou outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada no salpicadeiro dianteiro do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa.

O disco de control consiste nunha pequena roda de 11 x 11 cm, aproximadamente, onde na ventá da esquerda deberá figurar a hora de chegada que fixará o condutor ao xiralo disco e, automaticamente, aparecerá na ventá da dereita a hora límite á que ten que abandonar o lugar, de acordo coa franxa horaria establecida na presente Ordenanza; se embargo, tamén poderá utilizarse outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada.

ARTIGO 5.- Funcionamento da Zona Verde

Artigo 5.1.- Sinalización vertical e horizontal.

1.- Sinalización vertical da zona Verde.

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicas de comezo e fin da Zona Verde.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo da presente Ordenanza.

En canto a sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas discontinuas de cor verde.

Artigo 5.2.- Adhesivo de residente.

Dentro da zona verde o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar o adhesivo de residente no parabrisas ou salpicadeiro dianteiros do seu vehículo.

O adhesivo de residente solicitarase no Concello, para o que se deberá de aportar a seguinte documentación:

- DNI da persoa a nome da que se solicita o permiso.*
- Volante de empadramento do Concello da Estrada ou informe policial que deixe constancia de que dito enderezo é a residencia habitual do solicitante.*
- Xustificante de pagamento da Taxa polo Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*
- En caso de que o vehículo obxecto da solicitude do adhesivo de Zona Verde non estivera a nome da persoa que solicita o permiso, deberá xuntarse copia da póliza do seguro onde se faga constar que esta é o condutor habitual do dito vehículo o segundo condutor.*
- En caso de vehículos de empresa se facilitará o certificado de empresa e, no caso de vehículos leasing, certificado bancario.*

No nomeado adhesivo figurará a matrícula do vehículo autorizado, tendo validez unicamente para este.

Artigo 5.3.- Horario e datas de estacionamento das Zonas Verde e Azul.

O horario de limitación comprenderá de 9.00 a 20.30 horas (os sábados ata as 14:00 horas). Agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

ARTIGO 6.- Horario e datas de estacionamento.

O horario de limitación comprenderá de 9.00 a 20.30 horas (os sábados de 9.00 a 14:00 horas). Agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, que non haberá limitación.

<i>Hora de Chegada</i>	<i>Hora de saída</i>
<i>Despois das 20.30 horas</i>	<i>Libre aparcamento ata as 09.00 horas</i>
<i>Entre as 09.00 e as 9.30 horas</i>	<i>10.30 horas</i>
<i>Entre as 09.30 e as 10.00 horas</i>	<i>11.00 horas</i>
<i>Entre as 10.00 e as 10.30 horas</i>	<i>11.30 horas</i>
<i>Entre as 10.30 e as 11.00 horas</i>	<i>12.00 horas</i>
<i>Entre as 11.00 e as 11.30 horas</i>	<i>12.30 horas</i>
<i>Entre as 11.30 e as 12.00 horas</i>	<i>13.00 horas</i>
<i>Entre as 12.00 e as 12.30 horas</i>	<i>13.30 horas</i>
<i>Entre as 12.30 e as 13.30 horas</i>	<i>14.00 horas</i>
<i>Entre as 13.00 e as 16.00 horas</i>	<i>16.30 horas</i>

<i>Entre as 16.00 e as 16.30 horas</i>	<i>17.30 horas</i>
<i>Entre as 16.30 e as 17.00 horas</i>	<i>18.00 horas</i>
<i>Entre as 17.00 e as 17.30 horas</i>	<i>18.30 horas</i>
<i>Entre as 17.30 e as 18.00 horas</i>	<i>19.00 horas</i>
<i>Entre as 18.00 e as 18.30 horas</i>	<i>19.30 horas</i>
<i>Entre as 18.30 e as 19.00 horas</i>	<i>20.00 horas</i>
<i>Entre as 19.00 e as 19.30 horas</i>	<i>20.30 horas</i>

ARTIGO 7.- Estacionamento non permitidos na Zona Azul.

Non poderán estacionar na Zona Azul nin na Zona Verde os vehículos de PMA superior a 3.500 kg, salvo autorización expresa.

ARTIGO 8.- Vehículos exentos de limitación na Zona Azul.

Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul.

1.- Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello, en atencións a circunstancias tales como servizos asistenciais, servizos de emerxencia, seguridade cidadá, etc.

2.- Aqueles vehículos que tiveran Licenza Municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública (aparatos elevadores, guindastres, vehículos de mudanzas, etc.).

3.- Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.

4.- Os vehículos de representación diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado.

5.- Os ciclomotores ou motocicletas poderán permanecer estacionadas na Zona Azul sen limitación horaria, sempre que aparquen en perpendicular coa beirarrúa, ocupando o menor espazo posible.

6.- Os vehículos de Organismos Internacionais con sede u oficina en España e de seus funcionarios con estatuto diplomático.

7.- Vehículos industriais que estean facendo operacións de carga e descarga durante tempo limitado, previa autorización da Policía Local.

ARTIGO 9.- Infraccións e procedemento Sancionador.

Artigo 9.1.- Infraccións.

Considéranse Infraccións á Ordenanza:

a) Estacionar en zona limitada e superar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou no outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada

b) Estacionar en zona limitada sen ter colocado no vehículo o disco de control ou outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada.

c) Estacionar en zona limitada e ter o disco de control ou o outro medio indicador colocado de forma non lexible.

d) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou o outro medio indicador, un horario distinto ao de chegada.

e) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou o outro medio indicador, sen retirar o vehículo a outra rúa.

f) Estacionar en Zona Verde sen colocar o adhesivo de residente á vista do vehículo.

g) Estacionar un vehículo en Zona Verde con adhesivo de residente que non corresponda ao vehículo autorizado.

h) Estacionar un vehículo de máis de 3.500 kg sen previa autorización da Policía Local

Artigo 9.2.- Procedemento Sancionador

Sen prexuízo das particularidades que, no seu caso, puideran establecerse nunha futura Ordenanza Xeral de Circulación, o procedemento sancionador aplicable será o previsto no RE 320/1994, polo que se aproba o Regulamento do procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

ARTIGO 10.- Cadro de Infraccións e multas.

Establécese o seguinte cadro de infraccións e multas.

Infracción	Incumprimento artigo	Feito denunciado	Multa
LEVE	Art. 9.b	Estacionar en Zona Azul sen ter colocado no vehículo o disco de control ou outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada, á vista segundo a presente Ordenanza	80,00 €
LEVE	Art. 9.h	Estacionar un vehículo de máis de 3.500 kg sen previa autorización da Policía Local	80,00 €
LEVE	Art. 9.a	Estacionar en Zona Azul e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou no outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada	60,00 €
LEVE	Art. 9.c	Estacionar en Zona Azul e ter o disco de control (ou no outro medio de control que permita controlar a hora de chegada) non colocado de forma non lexible	60,00 €
LEVE	Art. 9.d	Estacionar en Zona Azul e marcar no disco de control ou no outro medio indicador un horario distinto ao de chegada.	60,00 €
LEVE	Art. 9.d	Estacionar en Zona Azul e modificar o	80,00 €

		<i>horario no disco de control ou no outro medio indicador sen retirar o vehículo a outra rúa</i>	
<i>LEVE</i>	<i>Art. 9.f Art. 9.g</i>	<i>Estacionar en Zona Verde sen ter colocado no vehículo á vista o adhesivo de residente segundo a presente Ordenanza ou estacionar un vehículo en zona verde con adhesivo de residente que non corresponda ao vehículo autorizado.</i>	<i>80,00 €</i>

“
Segundo.- Publicar o anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partires do seguinte á publicación do anuncio no B.O.P.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública, e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da Ordenanza modificada.

NESTE MOMENTO INCORPÓRASE Á SESIÓN O CONCELLEIRO D. JOSÉ A. DONO LÓPEZ.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de Control da Xestión non sei se hai alguna moción de urxencia?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

A) MOCIÓN DO BNG POLO QUE SE PROPÓN QUE SE SOLICITE DO ORAL A CLARIDADE NOS CONCEPTOS QUE SE COBRAN NOS RECIBOS EMITIDOS.

Sr. Magariños, Concelleiro do BNG: Eu teño dúas, unha delas xa o outro día a saquei na Comisión de Promoción Económica.

Sr Alcalde: Sr. Magariños, pode achegar un pouco máis o micro, se lle escoita máis.....

Sr. Magariños: dicía... unha delas xa o outro día a saquei na Comisión de Promoción Económica, non cadraba moito alí, pero bueno, era para dar coñecemento dela e tratala no Pleno, que é unha Moción solicitándolle ou esixíndolle que aprobe este Pleno a esixencia ao ORAL que figuren claramente nos recibos que emiten os conceptos polos que se lle cobran aos contribuíntes nos recibos que se emiten. Falei agora co Concelleiro de Facenda, e me estivo indicando que había unha normativa que impedía esta concreción nos conceptos polo número de caracteres que podían figurar nos recibos, pero creo que deberíamos aprobar algo esixíndolle ao ORAL que faga todo o posible para que sexan moito máis claros os recibos.

Sr. Alcalde: Moi ben. Entramos en... debatimos a urxencia, sobre todo... i no fondo da cuestión, se lles parece, e despois é unha cuestión na que creo que estamos todos de acordo, e ten a

palabra o Sr. Blanco e despois votamos a urxencia e o fondo da cuestión. Ten a palabra o Sr. Blanco.

D. Alberto Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda: Boas tardes. Como tal acaba de decir o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, trátase dun tema relacionado ca normativa SEPA que se aplica no sistema bancario español, que, a pesar de que por parte do ORAL se lle envía o que é toda a información completa donde figuran as lecturas (que sería o maior problema), lecturas dos contadores de auga, a normativa limita el número de caracteres que deben aparecer nun recibo bancario, incluídos espazos (creo recordar que son 149), co cal, conecedor deste problema, o ORAL xa está tomando medidas buscando as abreviaturas apropiadas para que sea intelixible e que estea toda a información esixible, logicamente como non pode ser doutra forma.

Entonces, ben, o ORAL é coñecedor, si considera o Bloque Nacionalista un tipo de manifestación, por parte do Pleno non creo que exista ningún problema.

Sr. Alcalde: Si, é unha cuestión, como comenta o voceiro, que xa foi tratada co propio ORAL, sabe que houbo un cambio co código bancario, e eso xenerou certos cambios que son o encaixe de todas as explicacións dos recibos no propio ORAL, que non é cuestión única da Estrada, está pasando en moitos sitios, pero é certo que a nós tamén nos chegou... veciños que pedían unha maior aclaración nos recibos. É certo que está excesivamente pouco explicado e o que se lle trasladou ao ORAL é que buscasen a solución axeitada para que no recibo siga figurando o que lle corresponde a cada unha das partes proporcionales en relación ao lixo, ao alcantarillado, canon da auga, auga e todos os conceptos que deben de ir perfectamente explicados en base ao consumo i en base á taxas e tarifas que deben pagar os veciños.

Así que, si lles parece, podemos tomar un acordo por parte desta sesión plenaria non hai outra cuestión, o trámite está feito e o ORAL está facendo os trámites oportunos, pero, si lles parece, votamos esta cuestión. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños, Concelleiro do BNG: Simplemente si xa o propio ORAL fai estos recibos onde figuran os conceptos claramente, que é unha cuestión... problema de banco que, bueno, que se pode aclarar, ao mellor unha posible solución para que figuran estes conceptos máis claros é que o ORAL lle envíe por correo electrónico, por exemplo, como fan outras compañías eléctricas, telefónica.. que lle envían ao usuario o recibo con todos os conceptos ben especificados; unha cousa é o recibo que recibimos todos dos bancos (como nos pasa "R", Gas Natural, ou os que sexan), os recibos onde non figuran os conceptos, pero a empresa si envía este recibo....

Sr. Alcalde: A factura desglosada cos conceptos que....

Sr. Magariños: Simplemente, si o ORAL ten os correos electrónicos..., é un trámite que nin siquera é costoso....

Sr. Alcalde: O que debe ser máis sinxelo é intentar encaixar en esos 149 caracteres, eu sei que están tratando de buscarlle esa solución, no caso de que non sexa posible... nós non temos constancia de que eso non sexa así, por tanto entendemos de que si será, pero, bueno, plantexaremos calquera outra opción para que o contribuínte teña exactamente e perfectamente identificado e claro cales son os conceptos da súa factura en relación coas taxas e impostos municipais.

Procedemos a votar a urxencia desta Moción, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: Votamos o fondo da cuestión. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE: Ben, coincidimos totalmente na necesidade de facer esas aclaracións, pero gustaríanos tamén engadir un punto máis a esta Moción que presenta o compañeiro do BNG, precisamente tamén instando ao ORAL a que, na medida das súas posibilidades, modifique a cuestión de prazos. Estamos a referirnos ás licenzas municipais cando hai que pagar e se fai auto-liquidación das mesmas, os prazos que lle chegan ás xentes notificadas por correo certificado, dende logo, perdón, sin correo certificado, por correo ordinario, son moi reducidos, chegando, incluso, a notificar no mesmo día que remata o prazo. Sin ir máis lonxe, nos poñían en coñecemento fai uns días unha persoa que tiña que pagar unha licenza por unha modificación e un amaño dun tellado, i lle entregaba o carteiro as cartas a unha e media da tarde i o prazo remataba ese mesmo día. Polo tanto, pedirlle ao ORAL que modifique esto para que a xente, evidentemente, non se lle cobren recargos, porque é, dende logo, unha imposibilidade desplazarse dalgunhas das parroquias no mesmo día e si cha notifican a unha da tarde, tendo en conta que os bancos pechan i non todo o mundo ten xestión electrónica das súas contas.

Pedir entonces que se engada este punto, instando ao ORAL a facer esta corrección e, dende logo, todo o noso apoio.

Sr. Alcalde: Moi ben, ademais desta cuestión, creo que é perfectamente entendible a cuestión que plantexa o grupo socialista e incorporamos tamén trasladarlle ao ORAL que se incremente, aínda que fagamos as xestións oportunas con el, pois que se incremente o prazo dado aos contribuíntes para facer esa auto-liquidación das licencias solicitadas en sede municipal.

Votamos o fondo desta cuestión. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?, aprobámola por unanimidade.

Sometida o asunto a votación adóptase, por unanimidade, os seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada con data 04-08-2014 (R.E. 9588) polo grupo municipal do BNG, polo que manifesta que a finais do ano pasado o goberno municipal aprobou a cesión do cobramento dos impostos ao ORAL, observando que os recibos que están a chegar aos veciños/as da Estrada non conteñen coa debida información dos conceptos que se están a pagar, polo que se está a incumprir cos principios de transparencia e eficacia recollidos nunha ampla variedade de textos legais; polo que propón ao Pleno que se esixa ao ORAL que nos recibos figuren de xeito detallado os conceptos que se lles cobran aos contribuíntes.

Visto o sinalado nas intervencións do PsdeG-PSOE nesta sesión ao respecto deste asunto, así como do grupo de Goberno.

ACORDAMOS:

1º.- Esixirlle ao ORAL que figuren claramente e de xeito detallado os conceptos que se lle cobran aos contribuíntes deste municipio nos recibos emitidos.

2º.- Solicitar que se incremente o prazo outorgado para o pagamento en voluntaria das auto-liquidacións polo outorgamento de licenzas urbanísticas de obras.

Sr. Alcalde: Algunha outra Moción de urxencia?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

B) MOCIÓN DO BNG SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA.

Sr. Magariños, Concelleiro do BNG: Como todos ben sabemos por desgracia, se está producindo o que podemos calificar como un auténtico xenocidio por parte do estado de Israel contra o pobo palestino. Si ben é certo que nestos días o estado de Israel declarou un alto ao fogo, fai uns días tamén o declarara e ás poucas horas sigúese masacrando a poboación civil de Gaza non?, entón esta Moción é para pedirlle, esixirlle ao pobo de Israel, ao estado de Israel que deixe de actuar criminalmente, que é como está actuando, que deixe de cometer os crímenes contra a humanidade que está cometendo, perpetrando contra a poboación palestina, e que a comunidade internacional actúe firmemente do mesmo xeito que quere actuar o actúa noutras situacións. Non podemos deixar que se actúe tan impunemente contra os dereitos básicos das persoas, como é o dereito á vida.

Sr. Alcalde: Bueno, algunha outra intervención?, ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, concelleira do PSdeG-PSOE: Dende o grupo socialista compartir, evidentemente, o sentir do que se está a poñer enriba da mesa, entendemos que a poboación de Gaza necesita de todo o apoio da comunidade internacional, porque o que está a acontecer, os episodios de violencia que están a acontecer contra a poboación civil, dende logo, non se poden tolerar. Polo tanto apoiar a urxencia desta Moción.

Sr. Alcalde: Moi ben. Pois saben vostedes que non é costume neste... a parte, o temos falado en máis dunha ocasión, tratar temas que non sexan da incumbencia desta Corporación municipal e, ben o explicaba o Sr. Magariños, que de pouco vale que o Concello da Estrada lle traslade a Israel a nosa oposición, creo que xa hai... cada cosa no seu sitio, hai suficientes estancias a nivel nacional e internacional que teñen que facer este traballo e está claro que hai un posicionamento claro, tanto dos países da Unión Europea como da OTAN i creo que da ONU tamén... hai un posicionamento claro, teñen que tomar a súas decisións e as súas medidas. É unha cuestión que non ten moito encaixe dentro da dinámica ordinaria dunha sesión plenaria que debe tratar temas que afecten realmente máis aos nosos veciños, e non estas cuestións tan xenéricas, que hai xa os seus ámbitos, os seus parlamentos para ser debatidas. Eu creo que non debemos nin de intentar copar o papel desos ámbitos, desos parlamentos, tampouco a nós nos gustaría que tomasen o noso papel para tomar resolucións nesa liña noutros ámbitos. Eu creo que esa é a decisión que se tomou nun momento i creo que o que vai a trasladar o voceiro que, en todo caso, como é algo institucional, pois, trataríamos de incorporarnos, adherirnos á parte resolutiva do texto aprobado no Parlamento de Galicia polas tres forzas políticas, creo que sería o máis razoable, en todo caso, mostrar a nosa adhesión á declaración institucional efectuada no seno do Parlamento de Galicia e por todas as forzas políticas con representación nel, i que o Concello da Estrada se suma a esa declaración institucional. Pero facer Mocións de forma individual nun Concello en relación a este tema, creo que se nos escapa bastante do ámbito das nosas competencias.

Ten a palabra o Sr. Blanco para matizar esta cuestión.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro do PP: Ben, tal como se ten falado fai un momentíño cos restantes voceiros, se está agora a confirmar el Sr. Alcalde que a nosa proposta iría polo camiño de adhesión á parte resolutiva do acordo tomado polo Parlamento de Galicia en defensa do pobo palestino e da terrible situación pola que está a pasar agora mesmo, co cual creo que daríamos o apoio, quedaría medianamente claro, é un acordo que foi tomado polas catro forzas políticas do Parlamento de Galicia en conxunto, e si lles parece procedente imos a léelo.

Sr. Alcalde: Algunha intervención?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños: Simplemente nós cremos que deberíamos ir un pouquiño máis alá, pero, en aras do consenso, estamos dispostos a aprobar esta declaración. Hai unha cuestión que é do 6 de maio, por aquelas alturas o exército de Israel aínda non actuara da maneira criminal que está actuando, entón creemos que deberíamos facer unha referencia, polo menos que estamos en contra das solucións armadas a conflitos que teñen solucións civilizadas.

Sr. Alcalde: Si, si lle parece damos lectura á declaración institucional á que eu creo que este Pleno someterá a votación para adherirnos a ela, será: *"O cumprimento da resolución das Nacións Unidas, o cumprimento absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos, o respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino, o recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas de que foron expulsadas. Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienábeis das persoas, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana, e o Pleno Concello da Estrada non escatimará esforzos en contribuír desde A Estrada a construír unha orde internacional xusta baixo o respaldo da legalidade internacional, un mundo no que a forza fiquese sempre sometida ao dereito."* Isto vai un pouco na liña en que vai a declaración institucional i que se nos adherimos a tres forzas políticas podemos dar cumprimento trámite á proposta por parte do BNG e, sobre todo, creo que ten máis sentido adherirnos a esa declaración votada a favor polas 4 forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia.

Algunha cuestión?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños: Simplemente unha puntualización que xa lla fixera outra vez noutro tema onde saíra a colación que o Pleno non ten por costume... tampouco se considera que teña influencia o oposiciónamento que poideramos ter en ámbitos que van máis arriba das competencias do Concello, bueno, creo que loitar polo dereito á vida si ten unha responsabilidade de todas as persoas. Pero quero lembrás que cando fóra a guerra de Irak, o Concello da Estrada, por aquel entón gobernado como agora polo Partido Popular, fóra o único Concello do estado que se posicionara en contra da guerra, e a repercusión mediática que tuvo foi importante; non quero dicir... de feito non se conseguíu nada porque o goberno de España bombardeou vilmente a poboación en Irak, pero bueno, algo sempre se fai eh?.

Sr. Alcalde: Recordo Sr. Magariños que eu era membro desa Corporación. Procedemos, polo tanto, a vota a adhesión á declaración institucional do Parlamento de Galicia. Primeiro votamos a urxencia, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: Votamos o fondo da cuestión, que é a adhesión á declaración institucional do Parlamento de Galicia en relación ao

conflicto de Palestina. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometida o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción do BNG de data 28-07-2014 (R.E. 9343).

Vista a declaración institucional do Parlamento de Galicia de 06-05-2014.

Visto o deliberado ao respecto polos grupos políticos con representación neste Pleno.

ACORDAMOS:

1º.- Co gallo do aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino o próximo 15 de maio, esta corporación reclama da comunidade internacional que se exisa a Israel:

- O cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.
- O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.
- O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.
- O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas de que foron expulsadas.

2º.- Manifestar o máis firme compromiso por parte desta Corporación cos dereitos inalienábeis da persoa, coa liberdade e co mas pleno respecto á dignidade humana.

3º.- Unirse á decisión do Parlamento de Galicia en non escatimar esforzos en contribuír dende Galicia a construír unha orde internacional xusta baixo o respaldo da legalidade internacional, un mundo no que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.

4º.- Dar traslado deste Acordo, para coñecemento e demais efectos, á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e o Goberno de España.

Sr. Alcalde: Algunha outra Moción de urxencia?. Pasamos logo á parte de Xestión e Control.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE XUÑO DE 2014.

Sr. Alcalde: O terceiro punto é a dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 o 30 de xuño de 2014.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no mes de Xuño de 2014.

A Corporación queda sabedora.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2014

Sr. Alcalde: O punto número 4ª é a dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2014.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no mes de Xullo de 2014.

A Corporación queda sabedora.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: O punto número 5º é Rogos e Preguntas. Algún rogo?, ten a palabra a Sra. Louzao.

Dna. Belén Louzao, concello do PsdeG-PSOE: Ben, presentamos hoxe aquí un rogo que nos trasladan os veciños da parroquia de Toedo que piden... manifestan que, logo das distintas averías que se produciron da liña de abastecemento de auga que conduce a auga da traída municipal ao lugar de Soutiño, pois están a ter continuamente problemas coa presión, e é resultado de distinta materia que se filtra a través da canalización da auga de abastecemento, tendo problemas cos filtros e chegando a ter problemas cos distintos electrodomésticos que dependen desta auga. Por iso nos piden, e así o rogamus neste Pleno, que se adopte a decisión de facer unha limpeza nesta liña que conduce a auga, como dicía, ao lugar de Soutiño, igual que como se ten feito, e temos coñecemento, de limpeza e pinchazos que se fixeron noutras liñas de abastecemento tamén da traída municipal, para solucionar este problema. Rogamos, polo tanto, proceda a facerse nesta condución.

A continuación facer unha pregunta con respecto aos Decretos de que se nos dan conta no día de hoxe, vemos un Decreto do mes de xullo no que figura a contratación por 20.449 euros á empresa de Manuel Fernández Maisa pola contratación dunha reportaxe fotográfica, de gravación de vídeo promocional da festa de interese turístico internacional da Rapa das Bestas de Sabucedo, dende logo, e vendo o resto de Decretos de que se nos da conta no día de hoxe, vemos que, co gallo da mesma festa, se fixeron contratacións para... sen ir máis lonxe, a Nós TV por 5.000,00 euros para facer tamén unha reportaxe; se fixeron tamén contratacións para distintas actividades dentro da propia festa da Rapa das Bestas; entón queremos saber, efectivamente, esta contratación si existe un estudio da necesidade do mesmo, si a gravación do vídeo de promoción da festa de interese turístico internacional que se está a contratar por esos 20.449 euros, existe un estudo sobre a distribución que se vai a facer do mesmo, cales van a ser as características desta publicación, quen vai a ser a propiedade, se vai a ser de distribución libre, si se ten feito un estudio, como decíamos, da necesidade de distribución do mesmo, porque, dende logo, nos parece unha contratación, como xa dicimos, reforzada en outras, que neste caso nos parece unha contía moi elevada, por eso pedimos que se nos aclara no día de hoxe.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois son cuestións moi concretas que se lle dará traslado ao propio departamento e se lle contestará nos próximos días. Eu descoñezo o detalle desas cuestións, e se lle dará a oportuna resposta os próximos días.

Algúnha outra cuestión?. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceira, Concelleiro do BNG: Si, varios rogos e varias preguntas.

O primeiro rogo é que se repara a beirarrúa que... bueno, xa é un tema que xa tratamos aquí, é un rogo que fixen a principios de ano (se non me falla a memoria), que se repare a beirarrúa na Avda de Benito Vigo, á altura da Sala Lennon, na que se fixo unha

primeira reparación, pero está claro que non foi suficiente porque se está indo, agora moitísimo máis, as beirarrúas...hai unha farola que está cunha inclinación... que está en contra da lei de gravidade, polo que dentro de algúns días ou no inverno acaba cumprindo a lei da gravidade e acaba no chao.

Despois, todos somos conscientes da temperatura que se acada neste baixo cuberta, e entón fágolle un rogo, que se faga un estudo das condicións de temperatura nos distintos postos de traballo, nos distintos departamentos do Concello, para comprobar que se adecúan ás condicións de seguridade e saúde no traballo. Creo que hai aquí persoal do Concello que ten que estar nunha auténtica sauna. Eu creo que as condicións de seguridade e saúde as teñen que cumprir non so as empresas privadas, senón tamén os estamentos públicos.

Despois, na pista que vai paralela ao Umia, que une Codeseda con Ribela, hai tres buratos que, día a día, medran ostentosamente, por eso rógolle que proceda ao seu bacheo, porque vai a chegar un momento que este vial non vai a poder ser utilizado.

Outro rogo é que inste á Deputación Provincial (que non só está para inaugurar campos de fútbol) a que desbroce ás beiravías da Estrada a Forcarei, concretamente o tramo entre o Froiz e Tabeirós, no que no se ven nin as sinais, non?, que faga o seu traballo, que é o que lle corresponde.

Outro rogo é que se proceda a pintar un paso de peóns no fondo da rúa do Cruceiro. É unha unha rúa que ten moitísimo tránsito de vehículos e de persoas, especialmente nenos que saen do colexio de Lourdes e non hai absolutamente ningún paso de peatóns que permita o paso seguro, que non é tampouco garantía de nada, pero polo menos é unha obriga aos condutores que pasen... non hai paso de peatóns alí. Dinme de conta hoxe.

Sr. Alcalde: Estará sin pintar, pero si hai paso de peóns alí, o que pasa é que estará....

Sr. Magariños: No fondo da rúa do Cruceiro non hai.

Sr. Alcalde: No entronque coa calle Antón Losada?.

Sr. Magariños: Non, non hai.

(intervencións que non se aprecian no audio)

Sr. Alcalde: Moi ben.

Sr. Magariños: Como anécdota direi que un día, cando iamos correndo por alí, sufrín eu e os meus compañeiros nas miñas... pero daquela non me din de conta que non había paso de peatóns, me din conta hoxe que non había paso de peatóns alí, e claro, os coches realmente non frenan.

Despois preguntas: Que solución ten pensando dar o goberno á situación na que se atopa o frontón da zona deportiva?, porque eso calquera día cae absolutamente todo.

Sr. Alcalde: Si, temos valorado cal é o custo da reparación da cuberta, temos un problema, porque a estrutura da cuberta no seu momento pudo ser útil dadas as dimensións da propia infraestrutura, do propio lucenario que existe, podía ter sentido, agora mesmo prexudica bastante calquera actuación que queramos acometer alí, entón temos valorado unha actuación ca reforma do que é a estrutura e a, evidentemente, unha nova cuberta que se vai a entornar os 80.000 euros, e temos valorado outra que sería mantendo a estrutura actual, facendo unha recuperación dos paneis deteriorados, dos lucernarios e tamén doutros paneis que filtran á auga, e esa actuación rondaría os 30.000 euros. Calquera das dúas..... a nosa intención é resolvelo de forma inmediata, se pode ser non empezar as obras pero si tomar a

decisión este mes, porque hai varias propostas e hai varias iniciativas en relación a esa infraestrutura que eu creo que non está o suficientemente aproveitada e hai posibilidades de acometer algunha actuación sen que supoña un coste para as arcas municipais. Polo tanto valoraremos as distintas opcións e eu creo que ao longo deste mes de agosto podamos tomar unha decisión definitiva pensando non só na reparación, senón tamén no uso que se lle poida dar a esa infraestrutura que, coincidirá conmigo, é unha infraestrutura que está bastante infrautilizada e que se lle poden dar outros usos. Valoraremos, temos varias opcións sobre a mesa e, posiblemente, este mes resolvamos definitivamente esta cuestión.

Sr. Magariños: Outra pregunta: que solución se ten pesando dar aos problemas que presentan os sumidoiros no fondo da Avda de Santiago?

Sr. Alcalde: Non é unha cuestión sencilla, sabe que nos últimos seis meses este goberno fixo diversas actuacións de mellora dos servizos dese tramo desa rúa e sempre foi unha zona con moitísimos problemas, de feito xa houbo varias iniciativas, varios proxectos para... porque na altura do punto donde... pois cando hai enchentas... pois se levantan as tapas, e leva acontecendo esto dende fai máis de doce anos e, posiblemente, hai moitas edificacións que estean mal conectadas ao servizo de pluviais, e, polo tanto, producen, cando hai chuvias intensas, problemas de capacidade na propia instalación de saneamento. Hai un problema tamén... porque a auga, xusto nesa altura, fai un cruce, atravesa a Avda de Santiago e se deriva unha parte cara ao colexio e á gardería, e outra parte atravesa o parque que se construiu nesa zona e atravesa cara abaixo, hai unha zona, un depósito en esa zona de aí. Solicitamos a unha empresa especializada que fixera un estudio, introducimos cámaras, valoramos actuacións con obra e sin obra, e as que se eran sin obra se fixeron absolutamente todas, desde a limpeza de toda... dese entorno ata ... se trouxo un camión especial para facer... unha bomba para proceder á limpeza, se abreu a canalización na parte posterior do parque para aumentar o caudal, se fixeron reformas nos cruces... pero bueno, está claro que non é suficiente, había enriba da mesa, xa fai uns anos, un proxecto para desdoblar ese cruce para que se non se acumule o caudal nese punto e que poida haber dous puntos a distinto nivel para que poida funcionar de mellor maneira... É unha cuestión complicada, porque el problema que se produce aí é que o diámetro da rede de saneamento non dá abasto para a cantidade de caudal que hai aí e, polo tanto, ou levantamos a rúa desde a parte superior da Avda de Santiago e procedemos a cambiar toda a rede de saneamento e pluvias, ou temos un problema importante non?, derivado, posiblemente, da falta de previsión no seu momento, do incremento substancial do número de vivendas que hai nesa zona e, sobre todo, da acumulación das augas da chuvia, e eu estou convencido, e de feito se fixo un repaso e se obrigaron a facer varias conexións de traídas de pluvias que estaban conectadas directamente á rede de saneamento, cando tiñan que estar conectadas á rede de pluviais. Durante moitos anos non houbo seguimento por parte do Concello con respecto a ese tipo de conexións e, evidentemente, eso xa é un problema de capacidade do colector, porque é imposible que recolla toda esa auga.

Estamos, xa digo, se fixeron moitas accións neste último ano, e seguiremos traballando, e o coste de facer esa obra, pois tamén, é un coste moi importante, estamos a falando de que entorno a 80.000 euros, 70.000 euros que nos costaría facer un desdoble, levantar toda a rede, facer un desdoble na rede, e buscar unha saída cara a gardería infantil e cara ao bombeo que temos en Figueroa non?. Estamos intentando todas... de feito hai un estudo feito por unha empresa especializada donde nos daba todas as posibles opcións que

tiñamos, se están acometendo, pero moito me temo que ese problema vai a existir aí ata que busquemos unha solución máis ambiciosa, pero o problema é o coste de acometela.

Sr. Magariños: Despois, tamén unha pregunta que nos fan dende Santo André de Veá, que parece ser que é un foco dunha farola e o Concello acabou tamén por retirar o poste, e cando se vai a colocar de novo o poste co seu correspondente foco?

Sr. Alcalde: Pois... se nos da máis datos

Sr. Magariños: No lugar de A Ribeira de Santo André de Veá

Sr. Alcalde: Non sei, descoñezco por que se retirou ese foco, i preguntaremos si se procedeu a retirar o poste e o báculo e cal é motivo. Non sei si ao mellor era un dos puntos de luz que se apagou e non tiña, ao mellor, sentido que seguise alí e se reutilizou para outro sitio, pero o preguntaremos.

Sr. Magariños: Despois a última pregunta, que xestións se fixeron para dar cumprimento ao acordo municipal de dirixirse á Xerencia Territorial do Catastro para que non se emitisen os recibos das fincas da Cidade do Moble?, porque os recibos aos veciños chegáronlle, e agora non saben que facer.

Sr. Alcalde: Si, unha cuestión é a remisión do escrito, do acordo plenario que se lle remiteu, i o mesmo día... o día seguinte me puxen en contacto co Xerente do Catastro que, por certo, unha semana... catro días despois do acordo plenario, perdón, a semana pasada se puxo en contacto connigo porque aínda no tiña constancia de recibir o escrito, porque presentaron os veciños na Xerencia do Catastro, me trasladaba que esas cuestións dirixidas a el se lle tramitaban no día e que el non tiña constancia de ter recibido ningún escrito por parte dos veciños, pero, en todo caso, o que si lle transladei é que o escrito estaba presentado no Concello, se lle mandou unha copia do escrito que temos no Concello para que dera conta desa tramitación i, bueno, do acordo plenario adoptado, ese si que o tiña el na súa man e, a partir de aí, o Catastro ía iniciar os trámites para analizar... as derivadas desa sentenza, dese Auto, i ver un pouco as cuestións puntais de cada caso non?. No caso do Catastro está perfectamente encamiñado, polo menos encamiñado no trámite que hai que darlle para que exista unha resolución definitiva en relación á clasificación deses suelos, que é quen ten que facelo.

No que respecta á emisión dos recibos, todos os recibos que se emiten estaban xa feitos e emitidos con data xullo, por tanto, xa estaban eses recibos previstos para saír á rúa, i o que se deixa actualmente sen efecto o seu pagamento, non terán efectos de pago hasta que exista unha resolución por parte do Catastro; polo tanto, as persoas que reciban ese escrito ou que reciban ese documento de pago non van a ter que facer o pago ata que exista unha resolución expresa pola súa parte; evidentemente non terá ningún tipo de repercusión, nin costes, nin intereses de demora, nin outro tipo de coste mentras non exista a resolución. Cando Catastro resolva, si resolve de forma favorable aos intereses dos veciños, eses recibos quedarán anulados i, polo tanto, se poden desfacer deles; si o Catastro resolve de forma desfavorable ao escrito presentado polos veciños, pois se lles dará un prazo para proceder ao seu pagamento. Esa é situación actual, e os 15.000 recibos do ORAL que corresponden ao Concello da Estrada, da urbana, estaban xa todos emitidos i en fase de saír cara aos fogares xa moito antes de ter adoptado o acordo plenario, polo tanto non había forma de paralizar os recibos, o que hai forma é de paralizar o cobro dos recibos non?. Polo tanto,

os recibos non se pagarán ata que os veciños teñan un aviso expreso de que teñen que facer o seu pago.

Sr. Magariños: Esa era unha preocupación que me mostraban hoxe os veciños, de feito por eso están aquí, e "que facían agora?", "si pagaban ou non pagaban?", e eu dixen "home, eu creo que non tendes que pagar, pero bueno...xa vos informarán..."

Sr. Alcalde: De todas formas, calquer dúbida, a propia oficina do ORAL é sabedora..... a oficina do ORAL da Estrada é sabedora desta cuestión i de feito eu teño un informe feito polos servizos xurídicos do ORAL que me remitiron esta mesma semana e que remitiron tamén á oficina recaudadora da Estrada, para deixar sen efecto o cobro dos recibos. Fixemos unha depuración, nos mandaron unha relación, non quero mentir porque falo de memoria, pero creo que son 193 referencias catastrais as que están afectadas pola Cidade do Moble, algunha delas de forma total, outras delas de forma parcial, unha parte rústica e outra parte afectadas pola Cidade do Moble, esas 193 referencias catastrais se corresponden, aproximadamente, con 160 propietarios (hai algún propietario que ten máis dunha), i o que vai a ter... ese si... o que vai a ter que facer frente ao pago é o que teña algunha construción, porque a construción ten un valor... digamos de construción non?, pero os que teñan fincas, esas 193 referencias, foron depuradoras polo ORAL, pasaron ao departamento.... ao Concello da Estrada, mo remitiron a min expresamente a pasada semana, o luns, e o mércores o departamento do Rural do Concello tiña feito a depuración de todas as referencias catastrais, comprobadas unha a unha todas as que mandaba o Catastro, había algunha dúbida nalgunha delas que xa foi resolto, i, polo tanto, o ORAL ten a relación de todas as referencias catastrais que non van a efectuar o pago mentras que non reciban unha resolución por parte do Catastro, i a oficina da Estrada ten a relación desas 193 titularidades catastrais que non van a facer o pago hasta que non exista unha resolución por parte do propio Ministerio, neste caso, por parte da Xerencia do Catastro. Así que calquer dúbida ou calquer cuestión co propio recibo, se poden achegar á oficina do ORAL i lle podrán explicar esto que acabo de explicar eu, pero en principio queda sen efecto ata novo aviso.

Algunha outra cuestión?. Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE: Ao fío do que usted acaba de dicir, acaba de dicir que ten vostede ese relación de referencias catastrais que están afectadas por esa paralización que se terminou, e nos preguntamos si o Concello vai a remitir un escrito a esos propietarios e que ten conta con esas referencias para evitar, precisamente, esta incógnita de saber o que ten que pagar e o que non; si contamos con iso, vai a dirixir o Concello dicindo cales son as referencias catastrais polas que non ten que pagar os usuarios?.

Sr. Alcalde: Non, o Concello, en principio, sabe que non ten competencia en esta cuestión, é o ORAL o que... Non, os datos os teño eu i o traballo o fixen eu para depurar os datos que ten... que manexa o Catastro, e eu pedinlle ao Catastro que nos deixaran un par de días para revisar un a un todos os recibos, tendo en conta un traballo de campo que se fixo tamén co propio plano catastral i que tiñan os técnicos municipais para ver que realmente non quedaba ningunha referencia catastral atrás i que o traballo feito polo ORAL se correspondía co que tiñan feito os nosos técnicos, de feito había catro o cinco parcelas cos que había certas dúbidas e que se aclararon, i é o ORAL o que ten que facer esa cuestión, pero de todas formas é moi sencillo, temos outra oficina do ORAL para disposición dos veciños, unha excelente oficina do ORAL, i que se acheguen ante calquer duda... calquer veciño que teña calquer duda

que se achegue ata a oficina do ORAL i que consulten alí, pero creo que todos sabemos cales son as persoas que están afectadas por esta cuestión i, en definitiva, esto non quere dicir que os recibos queden anulados, quere dicir que o seu pagamento, o seu pagamento queda en suspenso ata que o Ministerio e a Xerencia do Catastro resolvan se é asimilable a Sentencia por todos coñecida, se é asimilable ao caso concreto da Cidade do Moble non?, polo tanto, a partir de aí, se o é, habrá que facer unha anulación desa ponencia... desa ponencia parcial e volver a clasificalos como rústicos, e se non o é, pois quedarán clasificados como están e seguirán facendo fronte ao pago dos correspondentes recibos. Pero, en todo caso, xa digo, nós temos os datos catastrales, non temos os datos particulares dos propietarios desas parcelas, nós temos unha referencia co plano catastral, polas referencias catastrais das 193 referencias catastrais, a súa situación e a súa identificación dentro do Plano, non temos os datos particulares que, en todo caso, terá o ORAL, e será o ORAL quen resolva este tipo de cuestións.

Sra. Louzao: Ben, vamos a ver, i entendendo que ese traballo xa está feito i que é a nosa labor como Corporación municipal axudar aos nosos veciños, non podemos tomar un acordo polo que remitamos esos datos ao ORAL?, i vostede acaba de dicir fai un momento que serán sobre cento e algo propietarios, 160 propietarios, i solicitar ao ORAL que lle faga unha comunicación indicándolles os prazos nos que recibirán unha nova notificación de prazos?, posto que un propietario pode ter rústica, urbana, varias rústicas, varias urbanas, algunhas afectadas polo Polígono e outras non, si podemos facilitarlle esos traballos aos nosos veciños como Corporación municipal, non podemos dirixirnos e cruzar datos co ORAL para que faga esa comunicación?, solicitarlle que faga esa comunicación aos veciños?.

Sr Alcalde: Maña mesmo me poño en contacto co Xerente do Catastro i lle traslado esta cuestión. Non vai a haber fincas cruzadas porque sabe vostede de que a ponencia está aprobada i polo tanto a ponencia está aplicada. Di vostede que unha parte da finca pode estar en rústica e outra en urbana... non... as fincas están perfectamente identificadas no Polígono que está aprobado na ponencia de valores do ano ...

(intervención que non se aprecia no audio)

Sr Alcalde: No Catastro está perfectamente identificado o marco donde está situada a Cidade do Moble, polo tanto esas fincas teñen unha referencia catastral propia, están identificadas, e o que se lle pode trasladar, non sei si ORAL pode facer esa xestión, pero eu mañá llo trasladarei ao Xerente para ver si hai posibilidades de facer esta xestión, que se lle remita unha carta a todos os veciños aclarando esta cuestión, que non é que non vaian a ter que suspendidos... suspenderán os recibos non os anulan, esos recibos van a estar en vigor e hasta que non haia unha resolución emitida por parte do Catastro, como dixen antes, en caso de que sea favorable se anularán, i no caso de que non exista unha resolución favorable aos seus intereses, se terá que facer fronte ao pago dos mesmos, non?, mentres tanto esos recibos están suspendidos i, polo tanto, non se aplican os prazos establecidos nos propios recibos. Pero cualquier duda, cualquier cuestión, tanto no propio Concello, tanto na propia oficina do ORAL, lles van informar absolutamente de todo e non creo que a nadie lle supoña moito problema acercarse ao ORAL co seu recibo e consultar si ese recibo está dentro da Cidade do Moble ou non, pero, en todo caso, falaremos co Xerente do Oral e darémoslle traslado desta cuestión.

Algunha outra cuestión?. Pois se non hai ningún rogo ou pregunta máis, dentro do Regulamento de Participación Cidadá, como saben,

pode intervir calquer persoa do público acreditando co seu DNI e facer calquer consulta, calquer rogo, se hai algunha cuestión a poden facer, i si non hai algunha cuestión, agradecendo a súa presenza a todos, levantamos la sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte e cinco minutos.

A Estrada, 7 de agosto de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas